Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 18 de outubro de 2024

(Mixta: 1POC + 4 PNC)

[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **18 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz (P)
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz (P)
(Vicepresidente)
Sonia Vidal Lamas (BNG)
(Secretaria -en funcións-)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Montserrat Valcárcel Armesto)
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á señora Vidal Lamas (BNG), que fai as funcións de secretaria, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Pregunta

1.1 7917 (12/POC-001397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino
Sobre o estado en que están os trámites para a concentración parcelaria no concello de Agolada, o posible impacto da instalación de Altri para esta zona e os contactos cos veciños para contrastar opinións verbo deste proxecto industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

A presidenta concédelle a palabra á señora Fernández González (BNG), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa sobre o estado no que se atopan os trámites para a concentración parcelaria no concello de Agolada e o posible impacto da instalación da macrocelulosa Altri para esa zona.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – AGADER (Consellería do Medio Rural), Mª Paz Rodríguez Rivera.

Na rolda de réplica a señora Fernández González (BNG) comenta a información recibida e formula novas consideracións en base a ela, ás que lle contesta nunha nova intervención a directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – AGADER (Consellería do Medio Rural), Mª Paz Rodríguez Rivera, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A presidenta agradécelle á señora Rodríguez Rivera a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpaa de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión, da que se ausenta.

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 6504 (12/PNC-000779)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que execute o orzamento destinado a dotar o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo co equipamento necesario para que inicie o seu labor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A presidenta concédelle a palabra á señora Méndez López (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso, que insta o Goberno galego a que execute o orzamento destinado para dotar do equipamento preciso para que o Banco de Xermoplasma poida estar operativo.

A esta Proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra os señores: Ojea Bouzo (M), Fernández Fernández (BNG) e Casares Gándara (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable dos voceiros dos grupos da oposición, mentres que o voceiro do grupo maioritario expón as razóns do seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións a señora Méndez López (S) discrepa do posicionamento do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión a deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia, Mª del Carmen Rodríguez Dacosta).

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 **7799 (12/PNC-000849)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan específico para favorecer a remuda xeracional no agro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 02.08.2024

Intervén o señor Fernández Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa desta Proposición non de que lei, que insta o Goberno galego a que elabore plan específico para favorecer a remuda xeracional no agro galego.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Méndez López (S) e o señor Barreiro Sánchez (P); ambos intervenientes expoñen as súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do voceiro do G.P. Mixto e da voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, mentres que o voceiro do grupo maioritario motiva as razóns do seu rexeitamento (No decurso da intervención do voceiro do G.P. Popular de Galicia, incorpórase á sesión a deputada do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, Iria Carreira Pazos).

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Fernández (BNG) expón diversas consideracións a respecto das manifestacións do voceiro do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta (No decurso da súa intervención o señor Ojea Bouzo (M) auséntase da sesión).

A continuación, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 **7993 (12/PNC-000853)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación coa continuidade no avance levado a cabo en materia de adquisición e inversión orzamentaria en equipos de protección individual e outros medios materiais precisos para as labores de prevención e extinción de incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

Intervén o señor Rodríguez Conde (P), quen procede á formulación e defensa desta Proposición non de lei que ten que ver coa inversión orzamentaria en equipos de protección individual -EPIS, medios materiais precisos para os labores de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia. Remata a súa intervención coa solicitude de apoio dos demais grupos parlamentarios á súa proposta.

Tampouco se presentaron emendas a esta iniciativa de impulso, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra: a señora Rodríguez Dacosta (S) e o señor Bará Torres (BNG); ambos intervenientes expoñen diferentes consideracións ao respecto co posicionamento favorable dos seus respectivos grupos á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Rodríguez Conde (P) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e agradece o apoio amosado á proposta formulada.

Deseguido, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

2.4 **10502 (12/PNC-000990)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que remita con urxencia ao Goberno central o proxecto de execución das obras de limpeza das canles da lagoa de Antela, segundo o compromiso adoptado no ano 2021
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

A presidenta, previamente, comunica que a esta Proposición non de lei se presentou unha autoemenda de adición polo Grupo propoñente, doc. 10502, e deseguido,

concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire, á vez que motiva as razóns da emenda de adición ao texto resolutivo da súa proposta (No decurso da súa intervención o señor Ojea Bouzo (M) incorpórase novamente á sesión).

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes intervén, en primeiro lugar, o señor Ojea Bouzo (M), quen se pronuncia a prol da proposta formualda.

En segundo lugar, intervén a señora Vidal Lamas (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), deixa constancia das súas argumentacións ao respecto co voto favorable do seu grupo á proposta formulada.

En terceiro lugar, intervén a señora Campero Dorado (P), quen expón diferentes consideracións a respecto da proposta formulada e salienta o voto favorable do seu grupo ao texto resolutivo da proposta e o rexeitamento á autoemenda de adición, dado que solicita a votación separada da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a señora Rodríguez Dacosta (S), quen, logo de comentar as argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario, salienta que acepta a votación separada da súa proposta.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a presidenta dá paso ao trámite das votacións pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1)Iniciativa, **doc. 6504 (12/PNC-000779), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor .....8 (GGPP:BNG+S+M)
. votos en contra .....9 (G.P. P)
. abstencións 0

2) Iniciativa, **doc. 7799 (12/PNC-000849), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

. votos a favor .....8 (GGPP:BNG+S+M)
. votos en contra .....9 (G.P. P)
. abstencións 0

PARLAMENTO DE GALICIA

3)Iniciativa, doc. 7993 (12/PNC-000853), do G.P. Popular de Galicia; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir avanzando co investimento orzamentario e posterior adquisición de equipos de protección individual (EPIS), medios materiais e maquinaria que sexan necesarios para continuar cos labores de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia dunha maneira óptima, decidida e segura.»

4) Iniciativa, **doc. 10502 (12/PNC-000990), do G.P. dos Socialistas de Galicia,** coa incorporación da automenenda de adición, doc. 10502, do G.P. dos Socialistas de Galicia; sométese a votación separada por puntos:

- Sométese a votación o texto resolutivo orixinal que resulta **aprobado pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que con urxencia remita ao Ministerio de Agricultura o proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e secundarias na lagoa de Antela, tal e como se comprometeran no ano 2021.»

- Sométese a votación a autoemenda de adición, doc. 10502, que resulta **rexeitada** por:

. votos a favor .....7 (GGPP:BNG+S)
. votos en contra .....9 (G.P. P)
. abstencións ..... 1(G.P. M)

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión

Remate da sesión ás 13:20 horas.

V. º B. º

María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

María Encarnación Amigo Díaz
Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.28 12:00:23 +01'00'

Sonia Vidal Lamas
Firmado digitalmente por Sonia Vidal Lamas
Fecha: 2024.10.28 10:25:29 +01'00'

Sonia Vidal Lamas
Secretaria -en funcións- da Comisión